

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE FORMACIÓN EN SISTEMAS INFORMÁTICOS DIRIXIDAS AO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2022/2023**

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 72 dos referidos estatutos, poderá ofrecerlle ao seu estudantado bolsas de formación para desenvolver actividades que contribúan á súa formación integral.

Vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro*, modificada pola *Lei 4/2007, do 12 de abril*, de universidades e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade.

**Esta reitoría resolve**

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, **79** bolsas de formación complementaria en sistemas informáticos para estudantado da Universidade de Vigo que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](https://sede.uvigo.gal/) e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta de recurso de reposición interposto, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger



## ANEXO I

## BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSA DE FORMACIÓN EN SISTEMAS INFORMÁTICOS

## 1. OBXECTO

O obxecto da bolsa é fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula.

Convócanse 79 bolsas consonte a distribución do anexo II.

## 2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- Posuír nacionalidade española, dalgún outro país da Unión Europea, ou de países non comunitarios acreditando a condición de residente en España a 31 de decembro de 2021 (non é suficiente o permiso de estadia por estudos).
- Estar matriculado en centros propios no curso 2022/2023 e durante todo o período de duración da bolsa, nas titulacións de **Grao ou Máster que se sinalan no anexo II, no campus no que se opta á bolsa**. Para estes efectos terase en conta o estado da matrícula a día 21 de setembro de 2022.
- No caso de matrícula en titulacións de Grao ter superados o **50% dos créditos dos estudos de Grao**. Para estes efectos terase en conta o último día establecido pola universidade para a presentación das actas de xullo que segundo o calendario académico é o 25 xullo.
- Cumprir os demais **requisitos específicos sinalados no anexo II**. Para estes efectos terase en conta que o último día establecido pola universidade para a presentación das actas de xullo segundo o calendario académico é o 25 xullo.
- Non gozar con anterioridade dunha bolsa de formación complementaria da Universidade de Vigo durante máis de **doce meses**, de forma consecutiva ou descontinua. O cómputo do tempo farase de data a data.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas cales conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

## 3. PLAN FORMATIVO

A) Obxectivos e competencias a adquirir: consonte o sinalado no anexo II.

B) Tutores/as responsables:

Os bolseiros/as estarán baixo a titoría das persoas sinaladas no anexo II, as cales se responsabilizan da formación impartida, do desempeño da actividade de colaboración e da orientación no desenvolvemento do plan formativo.

C) Seguimento e avaliación da formación:

O bolseiro/a deberá entregarlle á persoa titora unha memoria trimestral das actividades realizadas e unha memoria final de acordo co establecido no punto 10 desta convocatoria. Así mesmo deberá cumprir ao final do período formativo un cuestionario de satisfacción co programa realizado.



#### 4. INCOMPATIBILIDADES

O disfrute da bolsa de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou co subsidio por desemprego.

Tamén será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada por calquera entidade pública ou privada para o mesmo período, e entre elas coa bolsa de colaboración cos departamentos universitarios do MEFP.

#### 5. DURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PERÍODO FORMATIVO

A duración máxima do período formativo será de 10 meses, non se iniciará antes do **1 de outubro de 2022** e finalizará o **31 de xullo de 2023**.

O número de horas de colaboración será de **20 horas semanais para as bolsas-20, de 15 horas semanais para as bolsas-15 e de 10 horas semanais para as bolsas-10**. Realizaranse tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico e a carga lectiva do bolseiro/a, quen poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación dun mes entre distintas semanas dentro do mesmo mes.

O disfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no *Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro*, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

As persoas bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non supón ningún compromiso de cara á posterior incorporación do bolseiro ou bolseira aos cadros de persoal da universidade.

#### 6. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas (achégase o correspondente certificado de crédito) ascenden a un máximo de 338.894,10€, a expensas dos posibles incrementos da cota patronal que se podan producir ao longo do período de execución das bolsas, con cargo a aplicación orzamentaria:

- 2022 0000 121D 482.11: 101.668,23€ (88.920,00€ pola dotación bruta das bolsas e de 12.748,23€ en concepto de cota patronal).
- 2023 0000 121D 482.11: 237.225,87€ (207.480,00€ pola dotación bruta das bolsas e de 29.745,87€ en concepto de cota patronal).

2. A contía individual será como máximo de 480 €/mes para as bolsas de 20 horas, 360€/mes para as bolsas de 15 horas e 240 €/mes para as bolsas de 10 horas. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza na normativa vixente nestas materias.

3. O pagamento realizarase por meses vencidos mediante unha transferencia á conta bancaria que sinala a persoa bolseira na súa solicitude e da que deberá ser titular. No caso de que non chegara a completarse o período da bolsa só se aboará a contía proporcional da bolsa correspondente ao período realizado, sempre e cando este sexa superior a 15 días; no caso contrario non se percibirá ningunha axuda.

Se a actividade desenvolta pola/o bolseira/o en cada mes non se corresponde coas condicións fixadas nesta convocatoria, e co fin de adecuar o pago á actividade real realizada nese mes, a persoa titora deberá emitir un informe no cal constará a actividade realizada e achegarao á Sección de Axudas e Bolsas antes do día 25 do mes en curso. No caso de non ter realizado ningunha das horas de dedicación nunha semana deberá notificarllo inmediatamente á Sección de Axudas e Bolsas.



## 7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace [https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/9671](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/9671), **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, poñendo en **asunto** “*Bolsas formación sistemas informáticos*”, achegando unicamente o formulario coa solicitude. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a Sede Electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia\\_rexistro\\_instancia\\_xenerica\\_gl.docx.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf). En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico [sede@uvigo.gal](mailto:sede@uvigo.gal)

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, se lle requirirá para que a emenda a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Así mesmo deberán **subir** á plataforma do Santander dispoñible na web <https://app.becas-santander.com/es/program/becas-santander-practicas-bolsas-formacion-sistemas-informaticos-2022-2023> o xustificante de presentación na Sede Electrónica da UVIGO.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **26 de xullo de 2022** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. As persoas solicitantes establecerán unha orde de prioridade nas bolsas solicitadas que será vinculante.

4. Xunto coa solicitude deberán subir ó formulario en liña (non hai que subir a documentación á Sede Electrónica) a certificación académica dos estudos realizados no caso de que se realizasen nunha universidade distinta á de Vigo.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados.

## 8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

 Santander

Páxina 4 de 28



- Nota media do expediente académico, calculada segundo o disposto no protocolo do sistema universitario galego establecido na Resolución de 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro) no caso de estudos de grao ou continuación de mestrado de máis de 60 créditos e nota de acceso para o estudantado que inicia estudos de mestrado: **ata un máximo de 5,5 puntos**.
- Nota media das materias superadas directamente vinculadas co plan formativo e que se sinalan no anexo III, e calquera outra con contidos afíns que a comisión avaliadora considere oportuna: **ata un máximo de 4,5 puntos**

$$\text{Nota media exp.vinculado.} = \frac{\sum(\text{Cualificación} \times \text{N}^\circ \text{créditos/materia})}{\text{N}^\circ \text{créditos totais}} + 0,11 \times \text{número materias superadas}$$

- Ao estudantado que teña concedida no curso 2021/2022 unha bolsa de carácter xeral do MEFP, unha bolsa de comedor ou axudas propias da UVIGO, concederáselle **1 punto adicional**.

A comisión de avaliación está composta por:

- Presidente: Jose Luis Míguez Tabarés, vicerreitor de Planificación e Sostibilidade
- Vogais:
  - Juan Aguiar Fernández, director da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions
  - Jorge Sío Rodríguez, técnico especialista en Tecnoloxías da Información e Comunicacions

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/alguna dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

No caso de non adxudicárselle ningunha das opcións solicitadas pola persoa solicitante pasará a formar parte da listaxe de agarda coa puntuación que lle corresponda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

**A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, a listaxe de persoas con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.



As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](https://sede.uvigo.gal/) e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, para producir os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

O estudantado con bolsa concedida deberá entregar a través da Sede Electrónica (e enviar unha copia a [bolsasformacion@uvigo.es](mailto:bolsasformacion@uvigo.es)) no prazo de tres días desde a publicación da resolución definitiva a seguinte documentación para os efectos da alta na Seguridade Social:

- Modelo TA2 (Seguridade Social)
- Modelo 145 (IRPF)

A non presentación da documentación necesaria entenderase como renuncia á bolsa previa resolución.

A persoa bolseira presentarse no lugar, día e hora que lle indique a persoa titora mediante comunicación ao enderezo electrónico indicado na solicitude.

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na Secretaría Virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas e o titor/a, cun mínimo de 15 días de antelación á data en que se fará efectiva a renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

## 10. OBRIGAS

Son obrigas das persoas bolseiras:

- Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo conforme ao establecido na convocatoria.
- Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

## 11. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:



- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á universidade a cantidade indebidamente percibida.

## 12. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que se puidesen impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para cumprir por aquela as obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

## 13. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



**ANEXO II**  
**BOLSAS CONVOCADAS**  
**CAMPUS DE OURENSE**

Unidade	<b>Vicerreitoría do campus de Ourense</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos e audiovisuais – 2 bolsas-15</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	Competencias a adquirir: A custodia e o mantemento básico dos equipos informáticos. O asesoramento xeral á persoa usuaria. O uso correcto dos equipos e dos programas informáticos. A detección das incidencias e das necesidades que se produzan A actualización da información ás persoas usuarias no relativo ás salas. Manexo e resolución de incidencias de sistemas audiovisuais e das salas de videoconferencia
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado do campus de Ourense Ter superadas <b>2</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático
Titor/a	Javier Rodeiro Iglesias, director de Área de Infraestruturas
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

Centro	<b>Facultade de Ciencias de Ourense</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 2 bolsas-15</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	Competencias a adquirir: O mantemento básico dos equipos informáticos. O asesoramento xeral á persoa usuaria. O uso correcto dos equipos e dos programas informáticos. A detección das incidencias e das necesidades que se produzan A actualización da información ás persoas usuarias no relativo ás salas.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado do campus de Ourense Ter superadas <b>2</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático
Titor/a	Francisco Javier Rodríguez Rajo, decano da Facultade
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

Centro	<b>Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 4 bolsas-15</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	Competencias a adquirir: A custodia e o mantemento básico dos equipos informáticos. O asesoramento xeral ás persoas usuarias. O uso correcto dos equipos e dos programas informáticos. A detección das incidencias e das necesidades que se produzan A actualización da información ás persoas usuarias no relativo ás salas.

	<p><b>CSV : GEN-640b-bb3a-b74f-6455-9dea-3173-cf87-bc7a</b> DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <a href="https://portafirmas.redsara.es/pf/valida">https://portafirmas.redsara.es/pf/valida</a> FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER   FECHA : 27/06/2022 11:00   NOTAS : F</p>
---	---

Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado do campus de Ourense Ter superadas <b>2</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático
Titor/a	Xosé Manuel Cid Fernández, decano da Facultade
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

Centro	<b>Facultade de Ciencias Empresariais e do Turismo de Ourense</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 4 bolsas-15</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	Competencias a adquirir: A custodia e o mantemento básico dos equipos informáticos. O asesoramento xeral ás persoas usuarias. O uso correcto dos equipos e dos programas informáticos. A detección das incidencias e das necesidades que se produzan A actualización da información ás persoas usuarias no relativo ás salas.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado do campus de Ourense Ter superadas <b>2</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático
Titor/a	Francisco Javier Sánchez Sello, profesor da Facultade
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

Centro	<b>Facultade de Dereito de Ourense</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas Informáticos – 1 bolsa-15</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	Competencias a adquirir: A custodia e o mantemento básico dos equipos informáticos. O asesoramento xeral ás persoas usuarias. O uso correcto dos equipos e dos programas informáticos. A detección das incidencias e das necesidades que se produzan A actualización da información ás persoas usuarias no relativo ás salas. Configuración e resolución de problemas en contornas de escritorio e servidores. Configuración de sistemas operativos (maioritariamente Windows) Configuración e instalación de solución software para a docencia tanto en servidores como en equipos de laboratorio Configuración e resolución de problemas de conectividade de rede, tanto cableada como Wifi Mantemento das redes sociais e web do centro
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado da EE Informática Ter superadas <b>2</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático
Titor/a	María Lourdes Borrajo Diz, vicedecana da Facultade
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

Centro	<b>Facultade de Dereito de Ourense</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas Informáticos avanzados – 2 bolsas-10</b>

	<p><b>CSV : GEN-640b-bb3a-b74f-6455-9dea-3173-cf87-bc7a</b>                  DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <a href="https://portafirmas.redsara.es/pf/valida">https://portafirmas.redsara.es/pf/valida</a>                  FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER   FECHA : 27/06/2022 11:00   NOTAS : F</p>
---	---

Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Competencias a adquirir:</p> <p>A custodia e o mantemento básico dos equipos informáticos.</p> <p>O asesoramento xeral ás persoas usuarias.</p> <p>O uso correcto dos equipos e dos programas informáticos.</p> <p>A detección das incidencias e das necesidades que se produzan</p> <p>A actualización da información ás persoas usuarias no relativo ás salas.</p> <p>Configuración e resolución de problemas en contornas de escritorio e servidores.</p> <p>Configuración de sistemas operativos (maioritariamente Windows)</p> <p>Configuración e instalación de solución software para a docencia tanto en servidores como en equipos de laboratorio</p> <p>Configuración e resolución de problemas de conectividade de rede, tanto cableada como Wifi</p> <p>Mantemento das redes sociais e web do centro</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado da EE Informática</p> <p>Ter superadas <b>2</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático</p>
Titor/a	María Lourdes Borrajo Diz, vicedecana da Facultade
Dedicación	<p>10 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>

Centro	<b>Escola de Enxeñaría Informática de Ourense</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos avanzados – 9 bolsas-10</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Competencias a adquirir:</p> <p>A custodia e o mantemento básico dos equipos informáticos.</p> <p>Asesoramento xeral ás persoas usuarias.</p> <p>Uso correcto dos equipos e dos programas informáticos.</p> <p>A detección das incidencias e das necesidades que se produzan</p> <p>A actualización da información ás persoas usuarias no relativo ás salas.</p> <p>Configuración e resolución de problemas en contornas de escritorio e servidores.</p> <p>Configuración de sistemas operativos (maioritariamente Windows e Linux)</p> <p>Configuración e instalación de solución software para a docencia tanto en servidores como en equipos de laboratorio</p> <p>Configuración e resolución de problemas de conectividade de rede, tanto cableada como Wifi</p> <p>Configuración e resolución de problemas de dispositivos en contornas de mobilidade</p> <p>Uso de ferramentas de asistencia remota</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado da EE Informática</p> <p>Ter superadas <b>2</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático</p>
Titor/a	Francisco Javier Rodríguez Martínez, director da Escola
Dedicación	<p>10 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>

**CAMPUS DE PONTEVEDRA**

Unidade	<b>SAUM</b>
---------	-------------

	<p><b>CSV : GEN-640b-bb3a-b74f-6455-9dea-3173-cf87-bc7a</b></p> <p>DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <a href="https://portafirmas.redsara.es/pf/valida">https://portafirmas.redsara.es/pf/valida</a></p> <p>FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER   FECHA : 27/06/2022 11:00   NOTAS : F</p>
---	---

Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 1 bolsa-20</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Neste caso as tarefas a realizar estarán relacionadas co soporte a usuarios, polo que na súa vida profesional encaixaría nas áreas de soporte e postventa. O valor desta formación reside en que traballarán nun entorno real, cun grande número de usuarios e cunha elevada cantidade de dispositivos e software en medios de produción.</p> <p>Tamén se adestrarán na comunicación con usuarios finais aprendendo a superar as barreiras de comunicación entre técnicos e non especialistas.</p> <p>En concreto estes bolseiros recibirán formación nas seguintes áreas:</p> <p>Configuración e resolución de problemas en contornas de escritorio.</p> <p>Configuración de sistema operativo (maioritariamente Windows)</p> <p>Configuración de solucións empresariais (correo electrónico, dominio Windows, etc.)</p> <p>Configuración e resolución de problemas de conectividade de rede, tanto cableada como Wifi</p> <p>Configuración e resolución de problemas de dispositivos en contornas de mobilidade</p> <p>Uso de ferramentas de asistencia remota</p> <p>Interactuarán directamente cos usuarios finais baixo a supervisión dos técnicos da Uvigo</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado do campus de Pontevedra</p> <p>Ter superadas <b>3</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático</p>
Titor/a	T.E. de TIC Campus
Dedicación	<p>20 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>

Centro	<b>Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 1 bolsa-15</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Competencias a adquirir:</p> <p>O mantemento básico dos equipos informáticos e do software necesario para o seu uso.</p> <p>O asesoramento xeral ás persoas usuarias.</p> <p>O uso correcto dos equipos e do software informático.</p> <p>A detección das incidencias e das necesidades que se produzan</p> <p>A actualización da información ás persoas usuarias no relativo ás salas.</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a nalgunha titulación de grao ou mestrado do campus de Pontevedra</p> <p>Ter superadas <b>2</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático</p>
Titor/a	Juan Picos Martín, director da Escola
Dedicación	<p>15 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>

	<p><b>CSV : GEN-640b-bb3a-b74f-6455-9dea-3173-cf87-bc7a</b></p> <p>DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <a href="https://portafirmas.redsara.es/pf/valida">https://portafirmas.redsara.es/pf/valida</a></p> <p>FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER   FECHA : 27/06/2022 11:00   NOTAS : F</p>
---	---

Centro	<b>Facultade de Belas Artes de Pontevedra</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos- 1 bolsas-15</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	Competencias a adquirir: O mantemento básico dos equipos informáticos e do software necesario para o seu uso. O asesoramento xeral ás persoas usuarias. O uso correcto dos equipos e do software informático. A detección das incidencias e das necesidades que se produzan A actualización da información ás persoas usuarias no relativo ás salas.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha titulación de grao ou mestrado do Campus de Pontevedra Ter superadas <b>2</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático
Titor/a	Jose Antonio Castro Muñiz, profesor da Facultade
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

Centro	<b>Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos e audiovisuais- 3 bolsas-15</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	Competencias a adquirir: O mantemento básico dos equipos informáticos. O uso correcto dos equipos e dos programas informáticos. A detección das incidencias e das necesidades que se produzan A actualización da información ás persoas usuarias no relativo ás salas. Manexo de ferramentas de edición de imaxe e maquetación de contidos Manexo e resolución de incidencias de sistemas audiovisuais e das salas de videoconferencia
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha titulación de grao ou mestrado do campus de Pontevedra Ter superadas <b>1</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático
Titor/a	María Esther Martínez Figueira, profesora da Facultade
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

	<p><b>CSV : GEN-640b-bb3a-b74f-6455-9dea-3173-cf87-bc7a</b>                  DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <a href="https://portafirmas.redsara.es/pf/valida">https://portafirmas.redsara.es/pf/valida</a>                  FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER   FECHA : 27/06/2022 11:00   NOTAS : F</p>
---	---

**CAMPUS DE VIGO**

Unidade	<b>SAUM - CENTRAL</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 4 bolsas-20</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Neste caso as tarefas a realizar estarán relacionadas co soporte a usuarios, polo que na súa vida profesional encaixaría nas áreas de soporte e postventa. O valor desta formación reside en que traballarán nun entorno real, cun grande número de usuarios e cunha elevada cantidade de dispositivos e software en medios de produción.</p> <p>Tamén se adestrarán na comunicación con usuarios finais aprendendo a superar as barreiras de comunicación entre técnicos e non especialistas.</p> <p>En concreto estes bolseiros recibirán formación nas seguintes áreas:</p> <p>Configuración e resolución de problemas en contornas de escritorio.</p> <p>Configuración de sistema operativo (maioritariamente Windows)</p> <p>Configuración de solucións empresariais (correo electrónico, dominio Windows, etc.)</p> <p>Configuración e resolución de problemas de conectividade de rede, tanto cableada como Wifi</p> <p>Configuración e resolución de problemas de dispositivos en contornas de mobilidade</p> <p>Uso de ferramentas de asistencia remota</p> <p>Interactuarán directamente cos usuarios finais baixo a supervisión dos técnicos da Uvigo</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado do campus de Vigo</p> <p>Ter superadas <b>3</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático</p>
Titor/a	T.E. de TIC Ámbito
Dedicación	<p>20 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>

Unidade	<b>SAUM – BIBLIOTECA CENTRAL</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 1 bolsas-20</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Neste caso as tarefas a realizar estarán relacionadas co soporte a usuarios, polo que na súa vida profesional encaixaría nas áreas de soporte e postventa. O valor desta formación reside en que traballarán nun entorno real, cun grande número de usuarios e cunha elevada cantidade de dispositivos e software en medios de produción.</p> <p>Tamén se adestrarán na comunicación con usuarios finais aprendendo a superar as barreiras de comunicación entre técnicos e non especialistas.</p> <p>En concreto estes bolseiros recibirán formación nas seguintes áreas:</p> <p>Configuración e resolución de problemas en contornas de escritorio.</p> <p>Configuración de sistema operativo (maioritariamente Windows)</p> <p>Configuración de solucións empresariais (correo electrónico, dominio Windows, etc.)</p> <p>Configuración e resolución de problemas de conectividade de rede, tanto cableada como Wifi</p> <p>Configuración e resolución de problemas de dispositivos en contornas de mobilidade</p> <p>Uso de ferramentas de asistencia remota</p> <p>Interactuarán directamente cos usuarios finais baixo a supervisión dos técnicos da Uvigo</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado do campus de Vigo</p> <p>Ter superadas <b>3</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático</p>
Titor/a	T.E. de TIC Ámbito
Dedicación	<p>20 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>



**CSV : GEN-640b-bb3a-b74f-6455-9dea-3173-cf87-bc7a**  
 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>  
 FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 27/06/2022 11:00 | NOTAS : F

Unidade	<b>SAUM – ÁMBITO TECNOLÓXICO- SEDE CAMPUS</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 2 bolsas-20</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Neste caso as tarefas a realizar estarán relacionadas co soporte a usuarios, polo que na súa vida profesional encaixaría nas áreas de soporte e postventa. O valor desta formación reside en que traballarán nun entorno real, cun grande número de usuarios e cunha elevada cantidade de dispositivos e software en medios de produción.</p> <p>Tamén se adestrarán na comunicación con usuarios finais aprendendo a superar as barreiras de comunicación entre técnicos e non especialistas.</p> <p>En concreto estes bolseiros recibirán formación nas seguintes áreas:</p> <p>Configuración e resolución de problemas en contornas de escritorio.</p> <p>Configuración de sistema operativo (maioritariamente Windows)</p> <p>Configuración de solucións empresariais (correo electrónico, dominio Windows, etc.)</p> <p>Configuración e resolución de problemas de conectividade de rede, tanto cableada como Wifi</p> <p>Configuración e resolución de problemas de dispositivos en contornas de mobilidade</p> <p>Uso de ferramentas de asistencia remota</p> <p>Interactuarán directamente cos usuarios finais baixo a supervisión dos técnicos da Uvigo</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado do campus de Vigo</p> <p>Ter superadas <b>3</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático</p>
Titor/a	T.E. de TIC Ámbito
Dedicación	<p>20 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>

Unidade	<b>SAUM – ÁMBITO TECNOLÓXICO – CAMPUS TORRECEDEIRA</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 1 bolsas-20 (1 BOLSA FACULTADE DE COMERCIO)</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Neste caso as tarefas a realizar estarán relacionadas co soporte a usuarios, polo que na súa vida profesional encaixaría nas áreas de soporte e postventa. O valor desta formación reside en que traballarán nun entorno real, cun grande número de usuarios e cunha elevada cantidade de dispositivos e software en medios de produción.</p> <p>Tamén se adestrarán na comunicación con usuarios finais aprendendo a superar as barreiras de comunicación entre técnicos e non especialistas.</p> <p>En concreto estes bolseiros recibirán formación nas seguintes áreas:</p> <p>Configuración e resolución de problemas en contornas de escritorio.</p> <p>Configuración de sistema operativo (maioritariamente Windows)</p> <p>Configuración de solucións empresariais (correo electrónico, dominio Windows, etc.)</p> <p>Configuración e resolución de problemas de conectividade de rede, tanto cableada como Wifi</p> <p>Configuración e resolución de problemas de dispositivos en contornas de mobilidade</p> <p>Uso de ferramentas de asistencia remota</p> <p>Interactuarán directamente cos usuarios finais baixo a supervisión dos técnicos da Uvigo</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado do campus de Vigo</p> <p>Ter superadas <b>3</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático</p>
Titor/a	T.E. de TIC Ámbito
Dedicación	<p>20 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>

	<p><b>CSV : GEN-640b-bb3a-b74f-6455-9dea-3173-cf87-bc7a</b></p> <p>DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <a href="https://portafirmas.redsara.es/pf/valida">https://portafirmas.redsara.es/pf/valida</a></p> <p>FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER   FECHA : 27/06/2022 11:00   NOTAS : F</p>
---	---

Unidade	<b>SAUM – ÁMBITO CIENTÍFICO</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 2 bolsas-20</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Neste caso as tarefas a realizar estarán relacionadas co soporte a usuarios, polo que na súa vida profesional encaixaría nas áreas de soporte e postventa. O valor desta formación reside en que traballarán nun entorno real, cun grande número de usuarios e cunha elevada cantidade de dispositivos e software en medios de produción.</p> <p>Tamén se adestrarán na comunicación con usuarios finais aprendendo a superar as barreiras de comunicación entre técnicos e non especialistas.</p> <p>En concreto estes bolseiros recibirán formación nas seguintes áreas:</p> <p>Configuración e resolución de problemas en contornas de escritorio.</p> <p>Configuración de sistema operativo (maioritariamente Windows)</p> <p>Configuración de solucións empresariais (correo electrónico, dominio Windows, etc.)</p> <p>Configuración e resolución de problemas de conectividade de rede, tanto cableada como Wifi</p> <p>Configuración e resolución de problemas de dispositivos en contornas de mobilidade</p> <p>Uso de ferramentas de asistencia remota</p> <p>Interactuarán directamente cos usuarios finais baixo a supervisión dos técnicos da Uvigo</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado do campus de Vigo</p> <p>Ter superadas <b>3</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático</p>
Titor/a	T.E. de TIC Ámbito
Dedicación	<p>20 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>

Unidade	<b>SAUM – ÁMBITO HUMANIDADES/XURÍDICO SOCIAL</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 5 bolsas-20</b>
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Neste caso as tarefas a realizar estarán relacionadas co soporte a usuarios, polo que na súa vida profesional encaixaría nas áreas de soporte e postventa. O valor desta formación reside en que traballarán nun entorno real, cun grande número de usuarios e cunha elevada cantidade de dispositivos e software en medios de produción.</p> <p>Tamén se adestrarán na comunicación con usuarios finais aprendendo a superar as barreiras de comunicación entre técnicos e non especialistas.</p> <p>En concreto estes bolseiros recibirán formación nas seguintes áreas:</p> <p>Configuración e resolución de problemas en contornas de escritorio.</p> <p>Configuración de sistema operativo (maioritariamente Windows)</p> <p>Configuración de solucións empresariais (correo electrónico, dominio Windows, etc.)</p> <p>Configuración e resolución de problemas de conectividade de rede, tanto cableada como Wifi</p> <p>Configuración e resolución de problemas de dispositivos en contornas de mobilidade</p> <p>Uso de ferramentas de asistencia remota</p> <p>Interactuarán directamente cos usuarios finais baixo a supervisión dos técnicos da Uvigo</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado do campus de Vigo</p> <p>Ter superadas <b>3</b> materias das especificadas no anexo III para perfil informático</p>
Titor/a	T.E. de TIC Ámbito
Dedicación	<p>20 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>



**CSV : GEN-640b-bb3a-b74f-6455-9dea-3173-cf87-bc7a**  
 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>  
 FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 27/06/2022 11:00 | NOTAS : F

Unidade	<b>ATIC COMUNICACIÓNS</b>
Tipo bolsa	<b>Sistemas informáticos – 1 bolsa-20</b>
